



Acta núm. 06/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de marzo de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 16 de marzo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2021, DO 02.03.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) DEVOLUCIÓN ICIO.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.
- 6º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2021, DO 02.03.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 02.03.2021, acta núm. 05/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN ABELENDIA MAYO, na que comunica que vai construír un peche de parcela polo linde sur, en Guitiande 3, Os Ánxeles, con dúas filas de bloque de formigón e reixa metálica por encima, de 42 metros lineais aproximadamente.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 7048914NH2474N0001HJ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- A altura máxima da parte cega do peche será de 1,20 metros, e a altura total será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- .- A parte cega de fábrica deberá ser convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,90 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,47 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DE LA LUZ FERNÁNDEZ TUÑAS, na que comunica que vai construír un alpendre de 49,60 m² en Pousada 24, Viceso, aproveitando a existencia de tres muros de pedra perimetrais como cerramento, para gardar

aparells de labranza. O alpendre disporá dunha fiestra para ventilación, dunha porta de acceso, dun portalón de vehículos e a cuberta estará rematada en tella do país.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 0657203NH2405N0001FY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase na aldea de Pousada, integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificada como VE3.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (expediente 2774/20), e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 147,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 212,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LORENA MARTÍNEZ SEIJAS, na que comunica que vai pintar dúas fachadas da vivenda sita en Chave de Carballo 2, Bastavales, para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento da edificación.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 9117710NH2491N0001KB), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) e atópase dentro da zona de policía de leitos do río Sar.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada pola interesada o 05.03.2021 en Augas de Galicia, e o informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,00 euros.

Total: 97,00 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL CASTELO NÚÑEZ, na que comunica que vai executar unha canalización subterránea de abastecemento de auga privada, cunha lonxitude aproximada de 5 metros, para dar subministro de regadío a unha parcela, dende a vivenda de Sabaxáns, Bastavales.

A parcela á que se pretende dar subministro (15013A060011270000UM), atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para canalizar unha nova acometida directa á rede soterrada existente, de 1,50 metros de lonxitude, para dar subministro a unha vivenda sita na Rúa Gafo 6, Os Ánxeles, segundo "Proxecto de acometida directa de Gas Canalizado no municipio de Brión", asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Madrid o 08.03.2021. A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7650412NH2475S0001JL) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 329,52 €, que a interesada deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,47 euros.

CUARTO.- DEVOLUCIÓN DE ICIO.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Iria Cao Rivas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, na que solicita a devolución do imposto sobre construcións instalacións e obras, que se corresponde co subministro de enerxía eléctrica nunha vivenda en Liñares.

Antecedentes:

1) A Xunta de Goberno Local do 06.06.2018, concedeulle licenza de obra menor para o subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar en Liñares.

2) Por resolución da Alcaldía do 11.06.2018 aprobouse a seguinte liquidación provisional do ICIO: 61,01 €. Consta ingreso na tesourería municipal o 03.07.2018.

3) A Xunta de Goberno Local do 20.11.2018, concedeulle modificación da licenza de obra menor concedida na Xunta de Goberno Local do 06.06.2018.

4) Por resolución da Alcaldía do 23.01.2018 aprobouse a seguinte liquidación provisional do ICIO: 59,57 €. Consta ingreso na tesourería municipal o 14.12.2018.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola tesoureira municipal no que se sinala que segundo o artigo 100 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o feito imponible do ICIO está constituído pola realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se lle esixa a obtención da correspondente licenza de obra e dado que o feito imponible da licenza de obra concedida en Xunta de Goberno Local o 06.06.2018 non se chegou a realizar, por unanimidade acorda:

1º) Que se devolva á interesada a cantidade de 61,01 euros.

2º) Notificar o presente acordo á interesada.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Pablo Ferreira Souto, que di actuar en representación de ÁLVARO RODRÍGUEZ CASAL, na que comunica o inicio da actividade dun silo vinculado a unha explotación gandeira, en Vioxo de Arriba, Luaña.

A Xunta de Goberno Local o 20/09/2016, concedeulle licenza de obra maior para construción de silos en Vioxo de Arriba, Luaña, segundo proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal José Vázquez Lamas, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/03/2016, e documentación complementaria presentada o 08/09/2016 (r.e.3882).

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nela causa de abstención do artigo 23.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de dirección de obra visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 16.09.2020 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso dos silos vinculados á explotación gandeira en Vioxo de Arriba, Luaña, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenza de actividade: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LEONARDO FERNÁNDEZ DEL MORAL e MARÍA TERESA RODRÍGUEZ BLANCO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Carballo 37, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.02.2021.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 9219909NH2491N0000XL) está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 13.01.2021 (clave DH.W15.73766), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.02.2021.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (60,50 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).
- A vivenda conectarase á rede pública de saneamento no momento que esta sexa executada a menos de 100 metros, segundo a ordenanza fiscal núm. 19-T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 60,50 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 12 de marzo de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.814,01 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 137,45 euros.

Total: 2.951,46 euros.

SÉTIMO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARCOS DE LA VEGA SECO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Outeiro 42 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 30.10.2018, concedeu licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar no Outeiro 42, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado por Salgado e Liñares Arquitectos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.08.2018 e documentación complementaria visada o 18.10.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo estudo SALGADO E LIÑARES S.L.P. o 09.06.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.



OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González